



CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento municipal para o exercicio económico de 2021, por acordo adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 20 de Novembro de 2020, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3, do Real - Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de EUROS de DOUS MILLÓNS SETECENTOS SETENTA MIL SEISCENTOS NOVENTA (2.770.690,00), correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
A) OPERACIÓNS CORRENTES.		
1	GASTOS DE PERSOAL	620.193,70
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.566.576,30
3	GASTOS FINANCEIROS	4.400,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	152.410,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	90.000,00
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL.		
6	INVERSIÓNS REAIS	325.110,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	12.000,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL DE GASTOS		2.770.690,00

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
A) OPERACIÓNS CORRENTES.		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	923.980,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	30.000,00

3	TAXAS, PRECIOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	496.955,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.119.040,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	180,00
B) OPERACIONES DE CAPITAL.		
6	ENAXENACION DE INVERSIÓNS REAIS	180,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	200.355,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL DE INGRESOS		2.770.690,00

Na referida sesión, tamén se acordou aproba-lo cadro de persoal desta Corporación que, segundo o que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducíase a continuación:

CADRO DE PERSOAL MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2021

1.- PERSOAL FUNCIONARIO.

	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>Nº DE PRAZAS</u>	<u>GRUPO</u>	<u>C. D.</u>	<u>SITUACIÓN</u>
1.-	<u>ESCALA DE HABILITACIÓN NACIONAL.</u>				
1.1	Subescala de Secretaría-Intervención				
1.1.a).	<u>SECRETARIO-INTERVENTOR.-</u>	1	A1/A2	28	Propiedade.
2.-	<u>ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL.</u>				
2.1	Subescala Administrativa				
2.1.a).	<u>ADMINISTRATIVO/A.-</u>	1	C1	20	Propiedade.
2.1.b).	<u>ADMINISTRATIVO/A.-</u>	1	C1	20	Vacante.
2.1.c).	<u>ADMINISTRATIVO/A.-</u>	1	C1	20	Vacante (P. Interna).
3.-	<u>ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL.</u>				
3.1.	Subescala Técnica.				
3.1.a).	<u>TÉCNICO DESENV. ECONÓMICO E S.</u>	1	A1	26	Cuberta por Laboral Fixo (D.T.2ª EBEP)
3.1.b).	<u>TRABALLADORA/A SOCIAL.</u>	1	A2	24	Propiedade.

2.- PERSOAL LABORAL FIXO.

	<u>DENOMINACIÓN.-</u>	<u>Nº DE PRAZAS</u>	<u>GRUPO</u>	<u>C. D.</u>	<u>SITUACIÓN</u>
1.-	TÉCNICO DESENV. ECONÓMICO E SOC.	1	A1	26	Propiedade. (A amortizar)

2.-	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A S. SOC.	1	C2	18	Propiedade. (A amortizar)
3.-	PEÓN OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES.	1	E	14	Vacante.
4.-	ENCARGADO DE OBRAS E SERVIZOS.	1	C2	14	Propiedade.
5.-	CONDUTOR-OFICIAL 1ª.	1	C2	14	Vacante.
6.-	PEÓN DE SERVIZOS EDARS.	1	E	14	Vacante.

3.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

<u>DENOMINACIÓN DO POSTO.</u>	<u>Nº TOTAL DE DOTACIÓNS.</u>
CONDUTOR-OFICIAL 1ª. (Interino)	1
PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES (Interino).	1
PEÓN DE DESBROCE DE VÍAS .	2
AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO.	1
PEÓN DE SERVIZOS EDARS. (Interino).	1
AXENTE LOCAL DE EMPREGO	1
<u>PROGRAMA RISGA 2020-21:</u> - PEÓN DE OBRAS:	5
<u>PROGRAMA APROL RURAL 2020-21 :</u> - PEÓN FORESTAL.	1
<u>PROGRAMA DEPUEMPREGO 2020-21 :</u> - MONITOR DEPORTIVO. - - PEÓN DE OBRA PÚBLICA.-	1 2
<u>PROGRAMA PREVENCIÓN VIOLENCIA DE XÉNERO 2020-21 :</u> - PEÓN DE OBRAS.-	1
<u>PROGRAMA PREVENCIÓN Y EXTINCIÓN DE INCENDIOS:</u> - (1 XEFE DE BRIGADA, 3 PEÓNS BRIGADA e 1 PEÓN-CONDUTOR).	5

No cadro de persoal non se contemplan outras posibles contratacións temporais que este Concello poida realizar ao abeiro dalgunha subvención do Estado, da Xunta de Galicia ou doutro organismo público, ou ben por necesidades perentorias do servizo.

De conformidade co disposto no art. 171.1 do R. D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Begonte, 21 de Decembro de 2020.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 3319

CASTROVERDE

Anuncio

Ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial deste concello, adoptado en data do 28 de outubro de 2020, de aprobación

da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola recollida, transporte e tratamento de plásticos agrícolas, cuxo texto íntegro faise público, en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA RECOLLIDA, TRANSPORTE E VALORIZACIÓN DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS.

Artigo 1.- Disposicións xerais.

O Concello de Castroverde, ao abeiro do disposto polo artigo 127 en relación co 41, do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece o prezo público polo servizo de recollida, transporte e valorización de plásticos agrícolas, que se rexerá polas disposicións da presente ordenanza.

Artigo 2. Obxecto do servizo.

Constitúe o obxecto do prezo público a prestación do servizo extraordinario, de recepción voluntaria, de recollida, transporte e valorización de plásticos agrícolas, que pola súa natureza non son obxecto do servizo de recollida domiciliar e obrigan á adopción de medidas especiais para a súa prestación.

Artigo 3.- Obrigado/a ao pagamento

1. Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta Ordenanza as/os titulares das explotacións receptoras da prestación do servizo.

2. Os receptores do servizo, antes de que se proceda á recollida, teñen a obriga de clasificar e separar os plásticos, evitando a mestura con outros residuos e limitar ao máximo o contido en impropios, tales como terra, restos vexetais, tubaxes de PVC, cordóns de plástico, redes dos rolos... etc.

Artigo 4.- Contía dos servizos.

1.- A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será o seguinte:

1.1.- Explotacións de bovino:

Cota fixa: 30 €

Cota variable: 0,60 €/ cabeza de gando.

1.2.- Explotacións de pequenos ruminantes:

Cota fixa: 10 €

Cota variable: 0,06 €/ cabeza de gando.

1.3.- No suposto de que nunha explotación coexistisen gando bovino e pequenos ruminantes, unicamente se satisfaría a cota fixa correspondente a gando bovino, calculándose a cota variable en función do número de cabezas de cada especie.

1.4.- Nas tarifas anteriores, non se atopa incluído o Imposto sobre o Valor Engadido (I.V.A.) que, no seu caso, resulte de aplicación conforme á lexislación vixente en cada momento, que será de conta do obrigado ao pago.

Artigo 5.- Exencións.

Por razóns de índole socio-económico e de interese xeral quedan exentos do pagamento do prezo público:

- As explotacións de gando bovino que contén con 5 ou menos cabezas.
- As explotacións de pequenos ruminantes que contén con 50 ou menos cabezas

Artigo 6.-Nacemento da obrigación e período de pago.

A obrigación de pagar o prezo público nace cando se inicia a prestación do servizo. Non obstante, o concello poderá esixir o depósito previo do importe dende o momento en que o destinatario do servizo o solicite.

O período de pago coincide co ano natural e as cotas serán irredutibles.

Artigo 7.- Cobranza.

A cobranza do prezo público realizarase no terceiro trimestre de cada ano natural.

Artigo 8.- Xestión.

Toda persoa interesada en que se lle preste o servizo ao que se refire a presente Ordenanza deberá presentar a solicitude expresiva da natureza do servizo desexado, ao que deberá unir copia compulsada do CEA.

No suposto de baixa por cesamento no exercicio da actividade, os suxeitos pasivos deberán comunicalo ao Concello antes do 1 de xaneiro do ano no que cesa na actividade.

Artigo 9.- Devolución de ingresos

Cando por causas non imputables a persoa obrigada ao pagamento do prezo público non se preste o servizo ou realice a actividade, procederase á devolución do importe correspondente.

Artigo 10.- Procedemento de constrinximento

As débedas por estes prezos públicos non satisfeitas en período voluntario esixiranse polo procedemento administrativo de constrinximento.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor de acordo co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Dispoñer a súa exposición ao público polo prazo de trinta días contados a partir do seguinte ao da publicación do correspondente edicto no Boletín oficial da provincia, a efectos de exame e reclamacións.

TERCEIRO.- De non formularse reclamación en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite.

CUARTO.- A presente ordenanza entrará en vigor de acordo co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co 65 da mesma permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Castroverde, 17 de decembro de 2020.- O Alcalde, Xosé M^a Arias Fernández.

R. 3280

O CORGO*Anuncio*

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos con número 12/2020, de suplementos de crédito, por un importe total de catrocentos cincuenta e nove mil cincocentos euros (459.500,00 €), cuarto de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o vinte de novembro de dous mil vinte, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.374.477,08.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	1.218.910,67.-
3.- Gastos financeiros.....	2.700,00.-
4.- Transferencias correntes.....	157.800,00.-
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6.- Inversións reais.....	2.237.494,56.-
7.- Transferencias de capital.....	2.000,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	4.993.382,31.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 17 de decembro de 2020.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 3281

A FONSAGRADA

Anuncio

PADRÓNS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIROS CORRESPONDENTE AO QUINTO BIMESTRE DO 2020

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/12/2020, o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo correspondente ao 5º bimestre do exercicio 2020, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 16-12-2020 ao 16-02-2021. Para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Contra o acto de aprobación do padrón os interesados poderán interpoñer en vía administrativa, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante o órgano competente, de acordo con canto establece o artigo 14 do TRLRHL. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico – administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 16 de decembro de 2020.- O Alcalde- Presidente, D. Carlos López López.

R. 3282

Anuncio

Procedemento: Anuncio relativo á aprobación do padrón fiscal do SAF. Mes de novembro

Expediente: 509/2020

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 15 de decembro do 2020, o padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de novembro de 2020, polo importe total de 11.996,77 € (dependencia) e 561,60 € (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan

formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 16 de decembro de 2020.- O Alcalde- Presidente, D. Carlos López López.

R. 3283

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 11/2020, (cuarto de competencia do Pleno), para suplementos de crédito, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión extraordinaria, celebrada o día trece de novembro de dous mil vinte, por un importe total de DOUSCENTOS TRINTA E CINCO MIL DOUSCENTOS OITENTA E OITO EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS DE EURO (235.288,30 €), con cargo ao Remanente líquido de Tesourería dispoñible do exercicio anterior na data de aprobación deste expediente, para atender necesidades de servizos, subministros e outros; de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o **resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento queda da seguinte forma:**

ESTADO DE GASTOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A.- Operacións non financeiras				
A. 1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	834.945,41	+ 16.624,23	851.569,64
2	Gastos B. Correntes e Servizos	1.580.622,94	+ 209.608,93	1.790.231,87
3	Gastos financeiros	3.500,00	+ 1.500,00	5.000,00
4	Transferencias correntes	112.562,58	+ 7.555,14	120.117,72
5	Fondo de Continxencia	0,00	0,00	0,00
A. 2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	1.965.893,58	0,00	1.965.893,58
7	Transferencias de Capital	224.177,93	0,00	224.177,93
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos Financeiros	0,00	0,00	0,00
Total		4.721.702,44	235.288,30	4.956.990,74

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 16 de decembro de 2020.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3284

O INCIO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 30/10/2020 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobles.

Transcorrido o prazo do preceptivo trámite de información pública sen que se teñan presentado alegacións, en virtude do establecido nos arts. 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a elevar o devandito acordo provisional a definitivo, publicando o texto íntegro da ordenanza.

ORDENANZA N.º 1

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 1º.- Concepto

De conformidade co previsto nos artigos 15.2, 61, 62.4, 72, 74.4 e 77.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, o tipo de grave do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable a este Municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2º.- Tipo de gravame

1.O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado no 0,55 por cento.

2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens inmobles, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,30 por cento.

3. O tipo de gravame dos bens inmobles de características especiais queda fixado no 1,3 por cento.

Artigo 3º. Exencións.

En base a criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, establécense as exencións seguintes:

1º.- Os inmobles urbanos cuxa cuota líquida sexa inferior a **dous euros**.

2º. Os inmobles rústicos sitios neste municipio e correspondentes a un mesmo suxeito pasivo cando as cotas agrupadas deste imposto sexan inferiores a **dous euros**.

Artigo 4º.- Bonificacións.

4.1 Bonificacións rogadas.

4.1.1 Bonificacións por situación familiar.

Os suxeitos pasivos que de conformidade coa Lei ostenten a condición de titulares de familia numerosa desfrutarán das bonificacións seguintes:

Familia numerosa categoría xeral:

- Bonificación do 80% na cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmobles de natureza urbana.
- Bonificación do 80% na cota agrupada do Imposto sobre Bens inmobles de natureza rústica.

Familia numerosa de categoría especial

- Bonificación do 90% na cota íntegra do Imposto sobre Bens de natureza urbana.
- Bonificación do 90% na cota agrupada do Imposto sobre Bens de natureza rústica.

A concesión das bonificacións establecidas neste apartado realizarase a solicitude do interesado previa acreditación do recoñecemento pola Consellería competente da Comunidade Autónoma da condición de titular de familia numerosa na categoría que corresponda, nos termos establecidos no art. 4 da Lei 40/2003 de 18 de novembro (B.O.E. núm. 277 de data 19/11/2003).

As bonificacións establecidas neste apartado terán unha duración de cinco anos, sendo aplicables a partir do exercizo tributario seguinte ao da súa concesión.

4.1.2 Bonificacións ás explotacións agrarias.

1.- Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total ou exclusivamente actividades agrarias, gandeirias ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por

concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto de que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no paragrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias ou gandeiras, aplicaráselle unha bonificación de 50% da cuota íntegra do imposto.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos.

2. A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude.

3.- Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.

- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.

- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coas facendas estatal, autonómica e local, nin coa Seguridade Social.

- Xustificante de recoñecemento da explotación, ou licenza ou comunicación da actividade correspondente.

4.- O interesado deberá comunicar ao Concello calquera modificación na situación da súa explotación que poda afectar a este imposto.

5.- O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

4.1.3 Bonificación ás actividades económicas que xeren emprego.

1.- Gozarán dunha bonificación na porcentaxe que se indicará no punto 3, da cota íntegra do imposto, aqueles inmovibles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

2.- Dita bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

3.- As porcentaxes a que se refire o punto 1, son as seguintes:

Porcentaxe	Condición
95%	Pola creación de máis de 20 postos de traballo
75%	Pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
50%	Pola creación de ata 10 postos de traballo

4.- A bonificación que se conceda terá aplicación durante tres exercizos orzamentarios.

5.- Os postos de traballo creados deberán manterse polo menos durante os exercizos de vixencia da bonificación.

6.- A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

7.-Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.

- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.

- Certificación acreditativa de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica nin coa Seguridade Social.

- Licenza ou comunicación da actividade correspondente.

8.- Previamente a súa aprobación, o Concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

9.- Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello poderá declararse, previa audiencia

do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro medio, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

4.2.- Bonificacións obxectivas.

De conformidade co art. 74.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establécese unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto a favor dos solares non edificadas existentes no Solo de Núcleo Rural.

As bonificacións nas cotas tributarias do Imposto sobre Bens Inmóveis serán compatibles con calquera outros beneficios fiscais que poda establecer ou aprobar este Concello.

Art. 5º.-

No non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Sección 3ª, Subsección 2ª, do Capítulo II do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo , concordantes e complementarios do mesmo, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICION FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Incio, 15 de decembro de 2020.- O Alcalde, Héctor Corujo González.

R. 3285

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI)

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 30/10/2020 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo do punto de atención á infancia (PAI).

Transcorrido o prazo do preceptivo trámite de información pública sen que se teñan presentado alegacións, en virtude do establecido nos arts. 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a elevar o devandito acordo provisional a definitivo, publicando o texto íntegro da ordenanza.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

Artigo 1. CONCEPTO

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación co artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de O Incio establece o prezo público pola prestación do Servizo de Atención á Infancia.

Artigo 2. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como prezo na presente regulación os pais/nais dos nenos/as en situación de alta no PAI e, no seu defecto, os familiares ou titores legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

A obriga de pago do prezo público regulado na presente Ordenanza nace desde o día en que se inicia a prestación do servizo.

Artigo 3. REGLAS E DEFINICIÓNS PARA A DETERMINACIÓN DO IMPORTE DO PREZO PÚBLICO

Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento do prezo público establecido no artigo 6, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

1) Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.

2) Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

3) Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercizo anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización ao Concello de O Incio para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non

contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Artigo 4. PAGAMENTO

a) O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo 5 da presente regulación, realizarase mensualmente nos dez primeiros días do mes a que correspondan. Nos casos en que o ingreso no PAI se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao dito mes ingresarase nos dez días naturais seguintes á data de ingreso. Ademais, no caso de que o ingreso se produza con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%.

b) Salvo o disposto no artigo 5 da presente regulación, a falta de asistencia do neno/a non supón a redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

c) O pago realizarase por domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do servizo ao formalizar a matrícula.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa exixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

Artigo 5.- SUSPENSIÓN DA COTA

Os suxeitos obrigados aos que fai referencia o artigo 2º non terán a obriga de pagar a cota durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións anual do neno/a.

b) Cando, por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais, o PAI permaneza pechado un período superior a quince días naturais.

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

Artigo 6. TARIFAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

1. Segundo o establecido no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3, os prezos pola asistencia ao PAI serán os seguintes:

Asistencia (horas/día) de luns a venres	Prezo
1 hora diaria	20,50 €/mes
2 horas diarias	41,00 €/mes
3 horas diarias	61,50 €/mes
4 horas diarias	82,01 €/mes
5 horas diarias	102,51 €/mes
6 horas diarias	123,01 €/mes
7 horas diarias	143,51 €/mes
8 horas diarias	164,01 €/mes

2. Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as seguintes reducións:

Renda per cápita mensual da unidade familiar	Redución
Inferior ao 50% IPREM (Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples)	
100%	
Igual ao 50% e inferior ao 75% IPREM	79,37%
Igual ao 75% e inferior ao 100% IPREM	58,75%
Igual ao 100% e inferior ao 125% IPREM	33,76%
Igual ao 125% e inferior ao 150% IPREM	21,25%
Igual ao 150% e inferior ou igual ao 200% IPREM	13,12%
Superior ao 200% IPREM	0 %

3. Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos:

-Pola matriculación do segundo/a fillo/a e sucesivos/as da unidade familiar aplicarase un desconto do 100% sobre a tarifa correspondente da atención educativa (de aplicación durante o período en que a Xunta de Galicia o bonifique na mesma medida)

-Familias monoparentais , desconto do 20%.

4. O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 20,50 €. O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

5. O exceso sobre o horario de peche do PAI será de 3 €/ cada dez minutos.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2020.

O Incio, 15 de decembro de 2020.- O Alcalde, Héctor Corujo González.

R, 3286

LÁNCARA

Anuncio

O Pleno do Concello de Láncara en sesión ordinaria realizada o 26/11/2020 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 22/2020 do orzamento xeral do Concello de 2020. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 28/11/2020 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, co seguinte resumo por capítulos do orzamento:

Estados do gastos

Capítulo I	Gastos de Persoal	1.254.822,43
Capítulo II	Gastos en bens correntes e servizos	1.266.669,40
Capítulo III	Gastos Financeiros	1.455,16
Capítulo IV	Transferencias Correntes	43.280,68
Capítulo V	Fondo de Continxencia	8.500,00
Capítulo VI	Investimentos Reais	887.738,54
Capítulo VII	Transferencias de Capital	5.248,96
Capítulo VIII	Activos financeiros	0,00
Capítulo IX	Pasivos financeiros	6.942,57

Estado de ingresos

Capítulo I	Impostos directos	617.335,05
Capítulo II	Impostos indirectos	25.000,00
Capítulo III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	283.489,27
Capítulo IV	Transferencias Correntes	1.613.124,51
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	6.379,25
Capítulo VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
Capítulo VII	Transferencias de capital	251.014,34
Capítulo VIII	Activos financeiros	678.315,32
Capítulo IX	Pasivos financeiros	0,00

Contra o presente acordo, en cumprimento do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Láncara, 22 de decembro 2020.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 3329

Anuncio

Aprobado definitivamente o orzamento do Concello de Láncara para o exercicio económico de 2021, logo de non presentarse alegacións ó acordo inicialmente adoptado na sesión ordinaria realizada o día 26 de novembro de 2020, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, publícase que o dito orzamento que ascende, á contía de DOUS MILLÓNS DOUS CENTOS VINTE E SETE MIL CINCUENTA E NOVE EUROS (2.227.059,00 €) tanto no estado de gastos como no estado de ingresos, co seguinte resumo por capítulos

INGRESOS

Capítulos	Descrición	Consignación
1	Impostos directos	583.417,85
2	Impostos indirectos	25.000,00
3	Taxas, prezos púb e outros ingresos	297.502,16
4	Transferencias correntes	1.052.464,71
5	Ingresos patrimoniais	6.379,25
6	Alleamento investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	262.295,23
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
Total orzamento de ingresos		2.227.059,00

GASTOS

Capítulos	Descrición	Consignación
1	Gastos de persoal	646.509,22
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.184.495,63
3	Gastos financeiros	478,56
4	Transferencias correntes	17.400,00
5	Fondo de continxencia	3.500,00
6	Investimentos reais	343.075,59
7	Transferencias de capital	25.000,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	6.600,00
Total orzamento de gastos		2.227.059,00

No citado acordo plenario tamén se acordou aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo desta Corporación que, segundo dispón o artigo 127 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducése de seguido:

A/	<u>FUNCIONARIOS DE CARREIRA</u>	<u>Nº PRAZAS</u>	<u>GRUPO</u>	<u>NIVEL SITUACIÓN</u>
1	Escala de Habilitación Nacional			
1.1	Subescala Secretaría-Intervención			
1.1.a.	Posto: Secretaría-Intervención	1	A1	28 Ocupado
2	Escala de Administración Xeral			
2.1	Subescala Administrativa	1	C1	22 Ocupado
2.1.a	Posto: Administrativo			
2.2	Subescala Auxiliar	1	C2	18 Ocupado
2.2.a	Posto Auxiliar administrativo			
2.3	Escala de Administración Xeral Subescala subalterna			
2.3.a	Posto: alguacil porteiro	1	E	14 Ocupado
2.3.b	Posto: Conserxe colexio	1	E	14 Ocupado
3	Escala de Administración Especial			
3.1	Subescala Técnica			
3.1.a	Posto (50%): Arquitecto	1	A1	24 Vacante

B	PERSOAL LABORAL FIXO	Nº POSTOS	SITUACIÓN
	Operario servizos múltiples	1	Vacante
	Encargado de instalacións sanitarias e deportivas de centro médico e polifuncional	1	Ocupado

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO EJERCICIO 2021

A/ FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	DOT	NCD	CE	TP	FP	ADSCRIPCIÓN			TITULACIÓN ACADÉMICA	SIT
						Grupo	Escala	Subesc.		
Secr-Int	01	28	25.650,94	S	C	A1	H.C.N.	S-I	Ldo dereito	CS
Admvo	01	22	18.787,30	NS	CO	C1	Admon. Xeral	Admva	BS	O
Aux- admvo	01	18	14.660,52	NS	CO	C2	Admon. xeral	Auxiliar	GE	O
Alguacil-porteiro	01	14	8.887,48	NS	CO	E	Admon. xeral	Subalterna	Cert Escol	O
Conserxe colexio	01	14	5.114,20	NS	CO	E	Admon. Xeral	Subalterna	Cert escol	O
Arquitecto (50%)	01	24	7.157,92	NS	CO	A1	Admon. especial	Técnica	Arquitectura	V

DOT=Dotación; N.C.D. =Nivel Complemento Destino; C.E. = Complemento Específico; T.P. = Tipo de Posto; F.P. = Forma Provisión; F. ESP. = Formación Específica; NS= Non Singularizado; S= Singularizado; CS= Comisión de servizos; C= Concurso; OP= Oposición; H.N.=Habilitación Carácter Nacional; D.U.= Diplomado Universitario; G.E. = Graduado Escolar; E.S.O. = Educación secundaria obrigatoria; O = Ocupado polo titular.

B/ PERSOAL LABORAL FIXO

Denominación do posto de traballo e a súa clasificación laboral	Nº DE DOTACIONES	RETRIBUCIONS ANUAIS	OUTRAS REMUNERACIONES ANUAIS
Encargado de instalacións sanitarias e deportivas de centro médico e polifuncional	1	16.520,42	--
Encargado auga, rede de sumidoiros e depuradora	1	25.284,70	4.839,96

C/ ANEXO Á RPT PERSOAL TEMPORAL PARA O EJERCICIO 2021

FUNCIONARIO INTERINO POR PROGRAMA PARA O EJERCICIO 2021

POSTO Nº POSTOS CARACTERÍSTICAS

Técnico Orientación Laboral	01	Xornada Completa
-----------------------------	----	------------------

PERSONAL LABORAL TEMPORAL PARA O EXERCICIO 2021

POSTO	Nº POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Traballadora social	01	Xornada Completa
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	01	Xornada Completa
Oficial de 2ª	01	Xornada Completa
Tractorista	01	Xornada Completa
Encargada OMIX	01	Xornada Tempo Parcial
Monitor Tempo Libre	01	Xornada Completa

PERSONAL LABORAL TEMPORAL FOMENTO DO EMPREGO

Peóns de Servizos Múltiples	04	Xornada Completa 6 meses
Albanel-Oficial 1ª	02	Xornada completa 6 meses
Palista	01	Xornada completa 6 meses
Tractorista	01	Xornada completa 6 meses

No cadro de persoal non se contemplan outras posibles contratacións temporais que este Concello poida realizar ao abeiro dalgunha subvención do Estado, da Xunta de Galicia ou doutro organismo público, ou ben por necesidades perentorias do servizo. De conformidade co disposto no art. 171.1 do R. D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 22 de decembro de 2020.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 3330

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA NOVEMBRO 2020

Por Xunta de Goberno Local do día 9.12.2020 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de novembro de 2020.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exoranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 17.12.2020 ata o 17.02.2021.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 10 de decembro de 2020.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 3287

*Anuncio***APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 1FRACCION COTA TRIMESTRAL CURSO 2020-2021**

Por Xunta de Goberno Local do día 9.12.2020 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio Primeira Fracción Cota Trimestral curso 2020 -2021.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 17.12.2020 ata o 17.02.2021.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 10 de decembro de 2020.- O alcalde presidente, José Tomé Roca.

R. 3288

PANTÓN*Anuncio*

APROBACIÓN DEFINITIVA DA modificación de crédito 26-2020 por crédito extraordinario e suplemento de crédito.

O Pleno do Concello de Pantón, en sesión ordinaria que tivo lugar o día 26.11.2020, aprobou inicialmente o expediente n.º 789/2020 de modificación de crédito 26-2020 do vixente Orzamento Municipal na súa modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito.

Sometido o acordo ao trámite de información pública e non presentándose alegacións dentro de prazo, elevouse automaticamente a definitivo o acordo inicial.

De conformidade co establecido no artigo 177.2, en concordancia co artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, insírese a continuación o resumo da modificación de créditos acordada:

1.- Aplicación do estado de gastos do Orzamento xeral municipal para o exercicio económico 2020 ás que se dota de crédito extraordinario:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
152/609	Vivenda	45.000,00
	Adquisición de inmovible	

2.- Aplicación do estado de gastos do Orzamento xeral municipal para o exercicio económico 2020 ás que se dota de suplemento de crédito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
171/609	Parques e xardíns	61.800,00
	Construción de parque infantil	
165/619	Iluminación pública	39.955,32
	Renovación de iluminación exterior	

3.- Medios ou recursos que van a financiar as modificacións de crédito:

Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio N-1, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos.

Contra a aprobación definitiva da modificación de crédito de referencia, que pon fin á vía administrativa, pode interponerse alternativamente ou ben recurso de reposición potestativo ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo; ou ben interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, ante Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resollido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer calquera outro recurso que puidesen estimar máis conveniente aos seus dereitos.

Pantón, 24 de decembro de 2020.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3227

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE NOVEMBRO 2020.

Por Resolución de alcaldía de dezaseis de decembro de 2020 respectivamente, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 15 de xaneiro de 2021 ao 15 de marzo de 2021**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 15 de xaneiro de 2021 ao 15 de marzo de 2021**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcurrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a dezasete de decembro de dous mil vinte.

A Pontenova, 17 de decembro de 2020.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3289

RIBADEO

Anuncio

PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN NO MERCADO DE NADAL 2020

Con data 15/12/2020, segundo a posibilidade prevista no artigo 47.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Xunta de Goberno Local do Concello de Ribadeo adoptou acordo de fixación de prezo público concreto, en desenvolvemento da ORDENANZA P3

POLO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, PUBLICACIÓNS, MATERIAL PROMOCIONAL E POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, SEMINARIOS, CURSOS OU SIMILARES, nos seguintes termos:

“PRIMEIRO.- Aprobar os seguintes prezos públicos para a CELEBRACIÓN DO MERCADO DE NADAL 2020, de acordo co recollido no artigo 5 da ORDENANZA P3 POLO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, PUBLICACIÓNS, MATERIAL PROMOCIONAL E POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, SEMINARIOS, CURSOS OU SIMILARES:

1. PARTICIPACIÓN POR CASETA/STAND NO MERCADO DE NADAL 2020 ORGANIZADO POLO CONCELLO DE RIBADEO: **150,00 EUROS**

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo e o importe dos prezos públicos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de edictos do Concello, entrando en vigor a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación no BOP”.

Contra o acordo de aprobación poderase interpoñer recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde a publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no art. 10 e 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Ribadeo, 16 de decembro de 2020.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3290

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 4 VIGO

Anuncio

D/Dª MARTA LAGOS SUAREZ-LLANOS, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 004 DE VIGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª ANGEL JACOBO ALONSO PIÑEIRO contra RIA MAR BURELA SLU, en reclamación por SEGURIDAD SOCIAL, registrado como PROCEDIMIENTO ORDINARIO nº 0000323 /2019 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar a RIA MAR BURELA SLU, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 10/9/2021 a las 11:25 y 11:30 horas, respectivamente, en Planta 3 - Sala 6 - Edif. Xulgados, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que deberá acudir con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.**

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **RIA MAR BURELA SLU**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

VIGO, a veintitrés de octubre de dos mil veinte. **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3226